



BASES I CONCURSO DE POEMAS LETRAS GALEGAS 2020

CATEGORÍAS

Nesta I edición establécense dúas categorías:

Infantil: Comprende dende os 6 ata os 14 anos

Xuvenil/Adultos: Comprende dende os 15 en diante.

TEMÁTICA:

A temática sobre a que se desexe facer o poema é libre.

PRAZO DE ENTREGA:

O prazo de entrega será dende o día 15 de maio ata o día 25 de maio, e farase no seguinte enderezo electrónico: cultura@meis.gal ou no teléfono 639203372 onde nos deberán idicar o título do poema, e os datos do seu autor, nome, enderezo, idade un e un teléfono de contacto

PUBLICACIÓN:

Todos os poemas se van a publicar na páxina de Facebook do Concello a medida que nos vaian chegando, para que así todos os seguidores da páxina do Concello de Meis poidan ler e desfrutar de cada un deles.

XURADO:

Nesta ocasión quen vai a valorar cada poema será un xurado formado por 4 persoas:

-Javier Carballo de Jesús: Escritor e estudante

-María Xosé Dourado: Profesora de Lingua Galega

-JJM Veiga: Escritor

-Teresa Bouza: Bibliotecaria de Meis

Cada membro do xurado obterá cada un dos poemas sen nome da persoa que o creou para así valoralos polo seu contido, estrutura, mensaxe...

PUBLICACIÓN DOS POEMAS GAÑADORES:

Os membros do xurado emitirán o seu veredicto o día 29 de maio, chamarase a cada un deles persoalmente e tamén se fará público na páxina de facebook do noso concello.

PREMIOS:

Haberá dous gañadores/as, un por cada categoría, e o premio para cada un deles/as será un vale de 50€ para gastar na librería Nobel de Vilagarcía de Arousa.

CESIÓN DE DEREITOS: Os participantes do I concurso de poemas Letras Galegas 2020, autorizan ao Concello de Meis ao tratamento e difusión dos textos.

PROTECCIÓN DE DATOS: O CONCELLO DE MEIS é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados baixo o seu consentimento e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestionar o concurso. Os datos serán conservados de conformidade coa normativa aplicable, mentres exista un interese público para manter o fin do tratamento, así como para fins estatísticos, e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Non se comunicarán os datos a terceiros, salvo que fose necesario para a tramitación do procedemento ou por obriga legal. Así mesmo, infórmase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE MEIS. Avda. Cambados - O Mosteiro, 67 - 36637 Meis (Pontevedra). Email: dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.